



Curso de Introducción á Onomástica Galega

Duración

30 horas, 15 presenciais e 15 non presenciais para realizar actividades.

Datas e horario

Os martes e os xoves (días 15, 17, 22, 24, 29 e 31 de marzo e 5, 7, 12 e 14 de abril) das 13:00 ás 14:30 h. **AULA 3 do CUFIE**. Edificio de Investigación, campus de Elviña

Profesorado

Manuel Ferreiro Fernández
Paulo Martínez Lema

Obxectivos

Mediante este curso preténdese dar a coñecer as características máis salientables da onomástica galega, entendida como o conxunto dos nomes de lugar e dos nomes de persoa. O obxectivo é que as persoas asistentes coñezan os conceptos e técnicas fundamentais empregados nos estudos sobre a toponimia e a antroponimia galegas, ao tempo que se pon en valor a importancia destas realidades en tanto que patrimonio cultural que debemos coidar e conservar.

Persoas destinatarias

Está dirixido á toda a comunidade universitaria e con carácter preferente ao profesorado da Universidade da Coruña. O curso realizarase fóra do horario laboral. Con carácter xeral, esixirase asistir ao 85% das horas programadas.

Solicitudes

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude **até o 28 de febreiro de 2011** a través da seguinte ligazón: <http://www.udc.es/snl>

A admisión das persoas solicitantes será por orde de chegada das solicitudes. As listaxes de persoas admitidas neste curso publicarase na web do Servizo de Normalización Lingüística www.udc.es/snl e no enderezo: <http://www.udc.es/#act>.

Contidos

1. A toponimia
 - 1.1. Características xerais da toponimia galega
 - 1.2. Clasificación do material toponímico: criterios máis habituais
 - 1.3. Fontes e recursos para o estudo da toponimia galega
 - 1.4. Situación actual da toponimia galega
 - 1.4.1. Toponimia e lexislación lingüística: a normalización da toponimia galega
 - 1.4.2. A castelanización da toponimia galega
 - 1.4.3. A toponimia nos territorios asturianos e castelán-leoneses de lingua galega
2. A antroponimia
 - 2.1. Evolución histórica do sistema antroponímico galego
 - 2.2. A antroponimia “non oficial”: alcumes, hipocorísticos, nomes de casa
 - 2.3. A castelanización e a restitución da antroponimia galega



FINANCIAMENTO

O custo destas sesións, que ascende a 1 500 euros (mil cincocentos euros) imputarase no exercicio económico 2011 con cargo á aplicación orzamentaria 9845 422D 162 00.

A Coruña, 9 de febreiro de 2011

A xerenta

María Jesús Grela Barreiro